



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Practicum I			Código	652G03027
Titulación					
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	12	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos	Para matricularse no Prácticum I é necesario ter superados 90 créditos.				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía				
Coordinación	Botana Lois, Iria	Correo electrónico	iria.botana@udc.es		
Profesorado	Arias Rodriguez, Maria Alicia Botana Lois, Iria Cruz Lopez, Laura Ferradás Canedo , María del Mar López-Cortón Facal, Ana María Malheiro Gutiérrez, José Manuel Pose Porto, Hector Manuel Rego Agraso, Laura Ríos de Deus, María Paula Rodríguez Romero, Maria del Mar Rumbo Arcas, María Begoña	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es iria.botana@udc.es laura.cruz@udc.es mar.ferradasc@udc.es ana.lopez-corton@udc.es jose.malheirog@udc.es hector.pose@udc.es laura.rego@udc.es paula.rios.dedeus@udc.es mar.rromero@udc.es begona.rumbo@udc.es		
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum				



<b>Descrición xeral</b>	<p>CORREO-E: vicedecanato.practicum.educacion@udc.gal</p> <p><b>Créditos e presencialidade</b></p> <p>Dos 12 créditos ECTS da materia (300 horas), o 45% son de carácter presencial (135 horas) e o 55% de traballo autónomo (165 horas)</p> <p>Das 135 horas de carácter presencial, 125 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (25 horas semanais recomendadamente), e as 10 horas restantes adicaranse a sesións informativas e titorías na Facultade.</p> <p>Durante o desenvolvemento do Practicum I suspenderase a docencia no resto das materias correspondentes ao segundo cuatrimestre do terceiro curso da Titulación.</p> <p><b>Contextualización</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación dos plans de estudo acorde cos requirimentos do novo Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no 1999 coa Declaración de Bolonia e que destacaba a importancia de reforzar a investigación-innovación-educación para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: ?Os títulos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art.9.1), de tal maneira que contempla a posibilidade de establecer prácticas externas que virían a ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación?..proporcionando un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (Preámbulo) (RD 1393/2007, de 29 de outubro, de Ordenación das ensinanza universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, facilitando que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais, senón tamén asignarlle un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes que se usen para poñer en funcionamento a investigación. Trátase de situar a práctica profesional no centro da formación, como elemento a ter en conta no exercicio profesional, onde a reflexión sobre a experiencia converta dita experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía, potenciando a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>
-------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
<b>Código</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Familiarizarse cos diferentes contextos profesionais inherentes á Educación Social	A1 A14	B2 B5 B6	C1 C4 C7 C8
Identificar e analizar os factores sociais, contextuais e institucionais que afectan aos procesos de acción socioeducativa.	A3 A5 A8 A11 A14	B2 B5	C4
Desenvolver unha disposición favorable ao traballo colaborativo e en equipo en contextos profesionais.	A20	B3 B6	C1 C4 C7 C8



Contidos	
Temas	Subtemas
<p>1. Características xerais da institución: contexto, infraestrutura, titularidade, organigrama, dinámica institucional, relación coa contorna,...</p> <p>2. Protagonistas da acción socioeducativa: profesionais, colectivos destinatarios.</p> <p>3. Proxectos de acción socioeducativa: obxectivos, actuacións, recursos, avaliacións, resultados,...</p> <p>4. A Educación Social no ámbito das prácticas.</p>	<p>Estes contidos estarán relacionados e adaptaranse aos seguintes ámbitos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dinamización cultural-ambiental.</li> <li>2. Diversidade funcional.</li> <li>3. Exclusión-inclusión-servizos sociais.</li> <li>4. Maiores.</li> <li>5. Menores.</li> <li>6. Multiculturalidade-Cooperación-Desenvolvemento.</li> <li>7. Políticas de igualdade-Muller.</li> <li>8 Saúde-Drogodependencias.</li> </ol>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	A1 A8 A11 A20 B3 B5 B6 C1 C7	125	0	125
Análise de fontes documentais	A3 A5 C8	0	30	30
Portafolios do alumno	A3 A5 A8 A14 B2 C4	0	120	120
Seminario	A14 A20 B5 C1 C4 C7 C8	10	0	10
Atención personalizada		15	0	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 125 horas de permanencia na institución socioeducativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións socioeducativas cos profesionais da propia institución etc.
Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum I dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións socioeducativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención socioeducativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Portafolios do alumno	Memoria na que o alumnado rexistra e reflexiona sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante o período de prácticas. Está organizada nos seguintes oito apartados: Introducción; Características xerais da institución; Protagonistas da acción socioeducativa; dos servizos aos proxectos; Diario de Practicum; Conclusións; Referencias; Anexos. O Diario de Practicum recollerá entre 5 e 7 entradas organizadas temáticamente. Cada entrada debe contemplar unha descrición do observado e unha reflexión fundamentada nos coñecemento teórico-prácticos. En todo momento garatirase a confidencialidade das persoas implicadas.



Seminario	<p>1. Sesión informativa inicial. Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar ao alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</p> <p>2. Selección da institución.</p> <p>3. Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</li> <li>- Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional.</li> <li>- Ao finalizar a estadía na institución, de avaliación e reflexión final do practicum.</li> </ul>
-----------	---

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para os alumnos.
Saídas de campo	
Portafolios do alumno	A forma e o momento en que se desenvolverá indicaranse para cada actividade ao longo do Practicum I e o plan de traballo. Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías. O/a Titor/a da UDC realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. O/a Titor/a da UDC manterá unha fluidez comunicativa co titor/a da institución, de maneira que garante o desenvolvemento adecuado do practicum.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A14 A20 B5 C1 C4 C7 C8	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Asistencia a todas as sesións presenciais</li> <li>- Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.</li> </ul>	10
Saídas de campo	A1 A8 A11 A20 B3 B5 B6 C1 C7	O/a titor/a da institución colaborador/a realizará a avaliación de implicación e actuación do alumnado no centro/aula	45
Portafolios do alumno	A3 A5 A8 A14 B2 C4	O titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolio cos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Capacidade de relación teoría-práctica, capacidade para relacionar ideas e accións.</li> <li>- Dominio conceptual e capacidade analítica.</li> <li>- Capacidade de argumentar e fundamentar.</li> <li>- Expresión escrita propia e claridade expositiva.</li> <li>- Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións.</li> <li>- Capacidade de autoavaliación e autocrítica.</li> </ul>	45

### Observacións avaliación



a) Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: prácticas socioeducativas e portafolios.
2. O portafolios deberá ser subido a Moodle nas datas indicadas.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

1. As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.
2. Os seminarios non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.
3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

1. A cualificación final será a media das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo. O profesorado tutor/a da Facultade será o encargado de solicitar a cualificación do centro de prácticas e de realizar as medias correspondentes que serán enviadas ao Decanato.
2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.
3. Non realizar as prácticas socioeducativas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.
4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas socioeducativas superadas supón un suspenso.

Se só se aproba a estadía no centro

de prácticas ou a saída de campo, a nota conservarase unicamente no curso

académico en que se realizasen as prácticas. No seguinte curso, o/a alumno/a

terá que matricularse novamente e facer a estadía ou a saída de campo ao centro.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	Cómpre consultar a bibliografía das diferentes materias da titulación segundo o ámbito elixido e de acordo coas indicacións dos titores.
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



Co fin de favorecer o axuste á planificación e temporalización da materia, aquel alumnado que teña previsto solicitar a ampliación da matrícula e incluír o practicum na mesma é necesario que o notifique un mes antes do inicio das prácticas. Deberá remitir un email a [vicdecenato.practicum.educacion@udc.gal](mailto:vicdecenato.practicum.educacion@udc.gal), aínda que nese momento non cumpla os requisitos, co fin de facilitarlle as indicacións oportunas.

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:
  - 1.1. Realizarase a través da aplicación, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
  - 1.2. De realizarse en papel, seguindo as indicacións do profesorado titor de facultade:
    - Non se empregarán plásticos.
    - Realizaranse impresións a dobre cara.
    - Empregarase papel reciclado.
    - Evitarase a impresión de borradores.
2. Débese facer un uso sustentable dos recursos e evitar impactos negativos sobre o medio natural.
3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?).
5. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
6. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero propóranse accións e medidas para corrixilas.
7. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

**(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**